

**Unha traducción de Borges:**  
*As ruínas circulares*

And if left off dreaming about you...  
Through the looking-glass, VI.

Ninguén o viu desembarcar na unánime noite, ninguén viu a canoa de bambú sumirse no fango sagrado, mais ós poucos días ninguén ignoraba que o home taciturno viña do Sur e que a súa patria era un dos infindos lugares que están augas arriba no flanco violento da montaña, onde o idioma zend non está contaminado de grego e onde non é amiudada a lepra. O certo é que o home gris bicou o fango, sobiu a ribeira sen arredar (probablemente sen sentir) os xuncos que lle laceraban as carnes e arrastrouse, mareado e ensanguentado, ata o recinto circular que coroa un tigre ou cabalo de pedra, que tivo algunha vez a cor do lume e agora a da cinza. Ese redondel é un templo que devoraron os incendios antigos, que a selva palúdica profanou e cun deus que non recibe honor dos homes. O forasteiro deitouse baixo o pedestal. Espertouno o sol alto. Comprobou sen asombro que as feridas cicatrizaran; pechou os ollos pálidos e durmiu, non por fraqueza da carne senón por determinación de vontade. Sabía que ese templo era o lugar que requería o seu invencible propósito; sabía que as árbores incesantes non acadaran a estrangular, río abaixo, as ruínas doutro templo propicio. tamén de deuses incendiados e mortos; sabía que a súa inmediata obriga era o soño. Cara á medianoite espertouno o berro inconsolable dun paxaro. Pegadas de pés descalzos, uns figos e un cántaro advertíronlle que os homes da rexión espiaran con respecto o seu sono e solicitaban o seu amparo ou temían a súa maxia. Sentiu frío do medo e procurou no muralla dilapidada un nicho sepulcral e cobriuse con follas descoñecidas.

O propósito que o guiaba non era imposible, aínda que si sobrenatural. Quería soñar un home: quería soñalo con integridade minuciosa e impolo á realidade. Ese proxecto máxico esgotara o espacio enteiro de súa ánima; se alguén

lle preguntase o seu propio nome ou calquera risco de súa vida devanceira, onó acertaría a responderlle. Convíñalle o templo inhabitado e despedazado, porque era un mínimo de mundo visible; a viciñanza dos labrego tamén, porque estes se encargaban de subvenir ás súas necesidades frugais. O arroz e mais os froitos do seu tributo eran pábulo abondo para o seu corpo, consagrado á única tarefa de durmir e soñar.

Ó comenzo, os soños eran caóticos; pouco despois, foron de natureza dialéctica. O forasteiro soñábase no centro dun anfiteatro circular que era dalgún xeito o templo incendiado: nubes de alumnos taciturnos fatigaban os graos; as facianas dos derradeiros penduraban a moitos séculos de distancia e a unha altura estelar, mais eran ben precisas. O home dictáballes leccións de anatomía, de cosmografía, de maxia: os rostros escoitaban con ansiedade e procuraban responderen con entendemento, como se adiviñasen a importancia daquel exame que redimiría a un deles da súa condición de va aparencia e o interpolaría no mundo real. O home, no soño e mais na vixilia, consideraba as respostas das súas pantasma, non se deixaba embelear polos impostores, adiviñaba en certas perplexidades unha intelixencia crecente. Procuraba unha alma que merecese participar no universo.

Ás nove ou dez noites comprendeu con algunha amertume que nada podía agardar daqueles alumnos que aceptaban con pasividade a súa doutrina e si daqueles que arriscaban, ás veces, unha contradicción razoable. Os primeiros, aínda que dignos de amor e de bo afeto, non podían ascender a individuos; os derradeiros preexistían unha miga máis. Un serán (agora tamén os serán eran tributarios do soño, agora non velaba máis ca un par de horas no mencer) licenciou para sempre o vasto colexio ilusorio e ficou cun só alumno. Era un rapaz taciturno, citrino, díscolo ás veces, de riscos afiados que repetían os do seu soñador. Non o desconcertou por moito tempo a brusca eliminación dos discípulos; o seu progreso, ó cabo dunhas poucas leccións particulares, puido marabillar ó mestre. Porén a catástrofe produciuse. O home, un día, emerxeu do soño coma dun deserto, visgoso, ollou a va luz do serán que primeiro confundiu coa aurora e entendeu que non soñara. Toda esa noite e todo o día, a intolerable lucidez do insomnio abateuse contra el. Quixo explorar a selva, extenuarse; a penas atinxiu entre a cicuta uns intres de sono feble, salferidos fuzadamente de visión de tipo rudimentario; inservibles. Quixo congrega o colexio e a penas houbo articulado unhas breves palabras de exhortación, este deformouse, borrouse. Na case que perpetua vixilia, bágoas de ira queimábanlle os vellos ollos.

Comprendeu que o empeño de modelar a materia incoherente e vertixino-

sa de que se compoñen os soños é o máis arduo que pode emprender un home, aínda que penetre tódolos enigmas da orde superior e mais da inferior: moito máis arduo que tecer unha corda de area ou que amoedar o vento sen face. Compreendeu que un fracaso inicial era inevitable. Xurou esquecer a enorme alucinación que o desviara ó comezo e procurou outro método de traballo. Enantes de exercitalo, adicou un mes á reposición das forzas que estragara o delirio. Abandonou toda premeditación de soñar e case deseguida acadou durmir un anaco razoable do día. As raras veces que soñou durante ese período, non reparou nos soños. Para renodoar a tarefa, agardou que o disco da lúa fose perfecto. Logo, no serán, purificouse nas augas do río, adorou os deuses planetarios, pronunciou as sílabas lícitas dun nome poderoso e durmiu. Case que inmediatamente, soñou cun corazón que latexaba.

Soñouno activo, caloroso, segredo, do grandor dun puño pechado, cor granate na penumbra dun corpo humano aínda sen faciana nin sexo; con minucioso amor soñouno, durante catorce lúcidas noites. Cada noite percibíao con maior evidencia. Non o tocaba; limitábase a testimiñalo, a observalo, tal vez a correxilo coa ollada. Percibíao, vivíao, dende moitas distancias e moitos ángulos. A noite catorce rozou a arteria pulmonar co furabolos e logo todo o corazón, dende afora e dentro. O exame satisfízo. Deliberadamente non soñou durante unha noite: logo volveu coller o corazón, invocou o nome dun planeta e emprendeu a visión de outro dos órganos principais. Enantes dun ano chegou ó esqueleto, as palpebras. O cabelo innumerable foi tal vez a tarefa máis difícil. Soñou un home íntegro, un mozo, mais este non se erguía nin falaba nin mesmo poda abrir os ollos. Noite tras noite, o home soñábao durmido.

Nas cosmogonías gnósticas, os demiurgos amasan un vermello Adán que non acada a pórse de pé; tan inhabilidoso e rudo e elemental coma ese Adán de po era o Adán do soño que as noites do mago fabricaran. Unha tarde, o home case que destruíu toda a súa obra, mais arrepenxiuse. (Máis lle valera o destruíla). Esgotados os votos ós númenes da terra e mais do río, botouse ós pés da efíxie que tal vez era un tigre e tal vez un poldro, e implorou o seu descoñecido auxilio. Ese solpor, soñou coa estatua. Soñouna viva, tremente: non era un atroz bastardo de tigre e poldro, senón asemade esas dúas criaturas fementes e tamén un touro, unha rosa, unha tempestade. Ese múltiple deus reveloulle que o seu nome terreal era Fogo, que nese templo circular (e noutros iguais) lle renderan sacrificios e culto e que máxicamente animaría a pantasma soñada, de sorte que tódalas criaturas, agás o Fogo mesmo e mais o soñador, pensárano un home de carne e óso. Ordeoulle que unha vez instruído nos ritos, mandárao ó outro templo esnaquizado, as pirámides de cal persisten augas abaixo, para que algunha voz o glorificase naquel edificio deserto. No soño do home que soñaba, o soña-

do acordou.

O Mago exercitou as súas ordes. Consagrou un prazo (que á din abrangou dous anos) a lle descubrir os arcanos do universo e mais do culto ó lume. Intimamente, doíalle agastarse del. Co pretexto da necesidade pedagóxica, dilataba cada día as horas adicadas ó soño. Tamén refixo o homeiro dereito, quizais deficiente. Ás veces, inquadábao unha impresión de que xa todo iso acontecera... En xeral, os seus días eran felices; ó pechar os ollos pensaba: *Agora estarei co meu fillo*. Ou de xeito máis raro: *O fillo que enxendrei agárdame e non existirá se non vou*.

Gradualmente, foi acostumándoo á realidade. Unha vez ordeoulle embañdeirar un cumio lonxano. Ó outro día flamexaba a bandeira no cumio. Tentou outros experimentos análogos, cada vez máis audaces. Comprende con certa amertume que o seu fillo estaba listo para nacer -e se cadra impaciente. Esa noite bicouno por primeira vez e enviouno ó outro templo cos seus desposxos que branquean río abaixo, a moitas leguas de inextricable selba e de lamazal. Enantes (para que non soubese nunca que era unha pantasma, para que se crese un home coma os outros) infundiulle o esquecemento enteiro dos seus anos de aprendizaxe.

A súa victoria e maila súa paz ficaron emboutadas de fastío. Nos crepúsculos do serán e do mencer, axeonllábase perante a figura de pedra, talvez matinando que o seu fillo irreal executaba idénticos ritos noutras ruínas circulares, augas abaixo; de noite non soñaba, ou soñaba coma fan tódolos homes. Percibía con certa palidez os sons e formas do universo: o fillo ausente nutríase desas diminucións da súa alma. O propósito da súa vida estaba colmado; o home persistiu nunha sorte de éxtase. Ó cabo dun tempo que certos narradores da súa historia prefíren computar en anos e outros en lustros, espertárono dous remeiros a medianoite: non puido ve-las súas faces, mais faláronlle dun home máxico nun templo de Norte, quen de pisa-lo lume e non queimarse. O mago recoñeceu de súpeto as palabras do deus. Lembrou que de tódalas criaturas que compoñen o orbe, o fogo era a única a saber que o seu fillo era unha pantasma. Esa lembranza, apaciguadora ó comenzo, rematou por atormentalo. Temeu que o seu fillo matínase nese privilexio anormal e descubriese dalgún xeito a súa condición de puro simulacro. Non se un home, se-la proxección do soño doutro home ;que humillación incomparable, que vertigo! A todo pai lle interesan os fillos que procreou (que permitiu) unha pura confusión ou felicidade; é natural que o mago temese polo porvir daquel fillo, pensando entraña por entraña e risco por risco, en mil e unha noites secretas.

O termo das súas cavilacións foi brusco mais prometéronllo algúns signos.

Primeiro (ó cabo dunha longa seca) unha remota nube nun outeiro, leviana coma un paxaro; logo cara o Sur, o ceo que tiña a cor rosada da xenxiva dos leopardos; logo as fumaradas que enfurruxaron o metal das noites; despois a fuga pánica das bestas. Porque se repetiu o acontecido hai moitos séculos. As ruínas do santuario de deus do foga foron destruídas polo fogo. Nun abrete sen paxaros o mego viu vir contra os muros o incendio concéntrico. Por un intre, pensou refuxiarse nas augas, mais logo comprendeu que a morte viña coroar a súa vellez e a absolveo dos seus traballos. Camiñou contra os rachóns de lume. Estes non morderon a súa carne, estes acariárono e inundárono sen calor e sen combustión. Con alivio, con humillación, con terror, comprendeu que el tamén era unha aparencia, que outro estaba a soñalo.

### GLOSA

Senta á mesa do seu despacho. Tira do caixón unha folla que pousa perante os ollos. Longo tempo fica a contemplar este brancor que o turba como debruzado nunha ampla extensión nevada ou desértica, cha, a espera de que alguén a sulque, esquiadores, trineo, cabaleiros ó gallope ou caravana de mercaderes cos seus camelos e mercancías cheas de sorpresas. Mais nada pasa. Segundo o home se acostuma ó brancor da páxina, esta afonda e escurece, xa que no interior do branco ten que aniña-lo negro, e daquela prodúcelle vértigo, certo, que arrempeza a súa mente nun turbillón de imaxes caóticas e enfebrecidas de cine ou televisor derramados. Toda ela treboada, lóstregos, caleidoscopios e hecatombes.

Non, compría domar esa invasión, impórselle, sometela entre dúas marxes ben delimitadas e rixidas. De xeitos que semellante turbillón foi envainado en río a trazar con rigor o curso do tempo, ó que compría acomodar as sucesivas liñas da escrita.

Embarcado nese río, unha sinxela canoa lévao a atracar -¿ou embarrancar?- na beira lamacenta que, porén, o atrae coa súa ductilidade mol: con ela todo pode modelarse, unha cunca ou un home. Bícaa. Mais dende aí ten que avanzar nun espacio estrano, endexamais visto ata agora -así se o impuxo na súa aventura-. É un lugar salvaxe, selvático, hostil, que o fire cruelmente a cada paso que nel avanza.

Sabe, pois, que ten que merecer ese espacio, que o tal non se atinxe coa facilidade que calquera outro, falto de experiencia, podería imaxinar. É, polo tanto, un espacio que esixe, para o seu acceso, difíciles ritos de iniciación.

Ten que castigar corpo e espírito, someténdoo a unha rigorosa disciplina mental de concentración. Iso non se acada sen door, sen traballos nin loitas, ata

o sangue. A vontade avanza en teimudo forcexeo por abrir paso á imaxinación, estimulándoa.

Cedo, porén, decatouse de que o espacio que visita, maila as aparencias, élle no fondo ben coñecido e mesmo familiar. Xustamente se embarcou para atopalo e porque o presentía. A proba estaba en que podía nomear tódalas cousas, aínda as máis rudas e ferintes coas que se confrontaba: beira, lama, xuncos, ponlas, herbas, bouza.. En realidade, non saiu do lugar común. Xustamente, loita por ceibarse del. Decátase de que polo de agora se atopa nesa zona vaga, escura, confusa, sorte de Val de Xosafat eterno onde se da cita todo o xénero humano. De ese eido xeral ou gran almacén de aprovisomaneto mental ( que eu teño denominado ás veces hipercódigo), o escritor ten que ir collendo os materiais que xulga necesarios para modelarse un río específico, fortemente individualizado, así como as suas beiras, unha lama, unha bouza tamén ben concretos, precisos, inintercambiables, exactamente os que visita o seu heroe que tamén é único no ilimitado repertorio de tódolos seres reais ou imaxinarios.

Logo, aínda con meirande pulo, terá que recoller os elementos cos que poderá construírse o seu escenario fundamental, o recinto circular.

O recinto ha debuxar o seu círculo coa obediencia de todo pulo cósmico. Circunferencia, aro, roda, ronda, esfera, bola, totalidade. O enteiro. O cheo. Integridade. Absoluto. Porén, todo o enumerado individualizando moitas figuras concretas que se esgotan nelas mesmas. Para iso ten que traducilas a unha linguaxe precisa, ou sexa, recollelas e codificalas nun conxunto de sinais e signos, indicacións abondo habelentes para que a partir delas o lector puidá remontarse a aquel alto universo ideal —Topos Uranos, se ben non feito só de ideas, senón tamén de imaxes, figuras, textos, discursos, representacións colectivizadas que se converten nun repertorio máis ou menos xeral e virtual —e nel recoller tamén os materiais idóneos cos que e reconstruírá a súa propia figuración concreta, o conxunto imaxinario en resposta ó texto, no seu activo diálogo con el.

Un deus antergo, informe aínda, sen nome, presidindo un mundo derramado, en ruínas, destruído por un incendio, presidirá a súa creación. Toda creación xurde dun monstro, que os antigos teólogos ou metafísicos chamaban caos e os actuais físicos e semiólogos, entropía ou ruído. Monstro turbador, vertixinoso, asemade estimulante e castrador, que os románticos querían facerse propicio feminizándoo e mitificándoo co luminoso nome de Inspiración.

Inspiración e expiración. O pulo, o latexo da vida, do mundo, os ritmos do tempo, do Gran Tempo: río, curso, liña, narración. O trezado de palabras A

sinalar os camiños da imaxinación baixo o influxo e proxección do deus-tigre-cabalo-fogo-cinza-memoria-olvido-tempo...

Tensión e loita entre a entropía e o sistema, o instinto e a disciplina, a fantasía e mais a razón, o descoñecido e o coñecido. Imaxinación contida. De tódolos xeitos sabe que ese lugar —presentido xa dende hai tempo— é o que necesita: en canto recolle na súa mesma forma unha imaxe poderosa do tempo na súa roda do pasado, presente e futuro, da gravitación universal, do infinito-finito.

As xentes do lugar témeno e tentan conxurar o e aplacalo cos seus agasallos. O que significa que o consideran asemade estranxeiro e dotado de poderes superiores: mago. Deste xeito aumenta a súa estrañeza. Tamén el teme a eses xentes, pois non sabe como reaccionarán perante a súa persoa. Mais cando o mago atopa as ruínas circulares, termo do seu peregrinaxe, deixa de ser verdadeiramente estranxeiro. A estrañeza do viaxeiro verbo deste espazo creba. O mago atopou a súa patria espiritual. E para o home relixioso o templo, centro do mundo, é a máis auténtica de todas.

Mais o tal mago-artista ¿conciliaráse ou non con ese medio colectivo poderoso nas súas esixencias, que o ve coma un estraño, mais do que non pode prescindir de ningún xeito, xa que tales xentes serán as receptoras da súa creación? E esta só terá realidade se é abofé obxectivada na mirada, na sensibilidade e na conciencia *allea*, do outro. Ningunha obra existe ata que non franquee esa fronteira.

Obrigado está, polo tanto, a empregar a súa mesma lingua se quere ser entendido por esas xentes e que elas concedan a conseguinte realidade á súa obra. Mais non só de palabras, senón tamén de todo o que as encosta, é dicir aqueles conxuntos de repertorios que se elabora cada cultura e que chamei hipercódigo.

¿Qué procura o home nas ruínas circulares do templo? Fundamentalmente un fillo e un discípulo. Máis ben a posibilidade de súa creación. A anécdota irános revelando como se trata da creación humana absoluta: fillo-discípulo-obra. E todo iso, aparentemente, en enteira soedade, sen concurso do outro, a femia, á marxe de toda síntese sexual, froito, polo tanto, da pura imaxinación, onanista, do individuo.

Porén, no fondo non existe tal incomunicación. A obra deste mago, artista ou o que se queira, será froito, por forza, dunha íntima relación co mundo, con determinado lugar do mundo. Dos indicios que nos propón o texto, temos que deducir que este espazo relixioso é particularmente favorable a semellante creación (a cal será daquela producida pola cooperación dos dous). O que equivai a

dicir que en tales ruinas que testemuñan un culto antigo xa abandonado polas xentes do lugar (e quizais, polo mesmo, o estranxeiro acordaba nelas semellante pavor) aniña un poder misterioso, ignoto, sobrenatural quizais, en todo caso sobrehumano.

Naquel centro circular, que á fin recoñeceu coma a súa verdadeira patria, a máis auténtica de todas —pensa— irá configurando a súa obra: un personaxe que dalgún xeito o glose, explique, herede, obxectibe, axudándoo a marcar a súa impronta no mundo.

Mais ten que loitar sen descanso por concentra-la súa atención, a comenazar por domina-la imaxinación. Só poderá modelar o seu soño. Soñara ese home con todo detalle e imporálo á realidade. Esa teima faralle esquecer case o seu propio nome (que nós ignoramos). Amais de necesitar o templo en ruinas, convenlle a proximidade dos labradores porque o alimentan con arroz e froitos. E así el pode adicarse só a durmir e soñar.

Os seus soños son primeiro caóticos, logo de natureza dialéctica. Sónase nun anfiteatro circular que ven ser o templo incendiado derivado en escola. Nos graos, alumnos taciturnos a quen dictaba leccións de anatomía, cosmografía, maxia. Eles escoitábano con ansiedade, mais un redimiríase da súa condición de pura aparencia e sería por el introducido no mundo real. O exame decidirá.

Perante a páxina, o autor loita coa súa propia imaxinación e coas palabras. A fantasía vai modelando un conxunto de formas, elementos que teñen que estruturarse nunha figura: a do seu personaxe. Este irá articulándose, pois, nun sistema coherente, isotópico, que dea a razón de el. Logo ese sistema extraído do seu hipercódigo será traducido e actualizado noutro: o que impón a linguaxe. O paso dun sistema a outro é posible, en principio, porque hai un englobamento: o hipercódigo abrangue e implica a linguaxe.

Non obstante, o labor é rudo, mesmo dooroso, pois no primeiro hai que ir seleccionando, atopando os termos e formas máis axeitados para orientar o lector cara á maneira idómea de remodelarse os elementos imaxinarios ou figuras escollidos. Tal tradución, ou sexa, a redución do primeiro código ó segundo, acádase baixo a guía dunha idea directriz, idea xeal, abstracta, sen dúbida, fronte a concreción da figura e do discurso que a amosa: a semallante abstracción podemos denominar tema. Xa sabemos cal é neste caso: o fillo-discípulo.

O autor forcexea logo con estes materiais que tenta someter enteiramente á súa vontade, mais non atinxe a conformar o seu personaxe. Mesmo en determinado momento deixa de soñalo. Daquela se sinte seco, estéril. O home está terriblemente só no seu traballo, sen axuda, ameazado por toda sorte de riscos



na súa selva mental na que ten que orientarse cos seus propios medios, pois ningún virá guialo non defendelo. E daquela chega a creerse un senlleiro absoluto, deus creador, ou gran masturbador, pechado no súa hermética cuncha, molusco, a modelar a propia semente.

Sen embargo, non é certo. Mesmo para semellante onanismo kespón de guías, conselleiro, manuais con instrucións de toda sorte. Unha estensa biblioteca mental está a consultar o home mentres medita a súa creación. Traballa rodeado de libros abertos no seu hipercódigo, que lle sirven de modelos positivos ou negativos, segundo o que recolla, cambie ou rexeite deles. E non só visita esa biblioteca, senón tamén un inmenso museo imaxinario, no que non fallan reproducións de sons e músicas e proxeccións cinematográficas.

Aquela suposta masturbación enmascara realmente unha teimuda cópula coa natureza, o mundo e mais as súas historias e culturas. É o que algúns teóricos da creación artística chaman intertextualidade. E aquí, semellante promiscuidade se condensa no templo circular, en ruínas, cósmico, que cómpre refacer, presidido polo ambiguo (impreciso, caótico) deus —¿o seu inconsciente?— inspirador.

De xeito que aquel anguriado monólogo interior se lle revelou á fin coma un auténtico, aínda que subterráneo, diálogo interior ou monólogo exterior.

Decatándose da dificultade de modelar os seus soños, dada a súa materia incoherente e vertixinosa, procurou outro método de traballo. Agardou a lúa chea, daquela purificouse no río e adorou os deuses planetarios, pronunciou as sílabas dun nome poderoso e durmiuse. E case que deseguida soñou cun corazón que latexaba. A partir de aí vai modelándoo e estudiándoo: o esqueleto, as palpebras, o cabelo, a carne. Soñou á fin un home íntegro, un mozo, mais que aínda non falaba e nin mesmo podía abrir os ollos coma un recién nado. Teimudamente o autor soñábao durmido.

Unha tarde estivo a piques de destruír a súa obra, mais, como derradeiro recurso, pediu axuda á ambigua estatua do deus que preside as ruínas. Axionllouse ós seus pés. Ese solpor soñou coa estatua que aumentaba a súa ambigüedad —e quizais ironía— (agora era asemade un tigre e un poldro e unha rosa e unha tempestade): vibraba viva e o seu nome terrestre era Fogo, deus ó que outrora rendira culto nese templo circular e noutros semellantes. Dixo ó home que animaría máxicamente a súa pantasma soñada, de xeito que todo o mundo, mesmo eles dous, crerían un ser de carne e óso (mais que, en realidade, sería pura aparencia, ficción), e ordeoulle que, unha vez instruído nos ritos, o mandase ó outro templo destruído, situado augas abaixo, para que pola

súa conta o glorificase tamén a el, o deus, naquel lugar. E no soño que o home soñaba, o soñado acordou.

No mesmo intre sabemos o que iso significa: a obxectivación, a proxección fora da mente onírica do fillo-discípulo-obra imaxinado. A obra atinxiu logo a súa dobre obxectivación, gracias á estricte concreción a que a someteu a seu autor. Deste xeito obxectivouna mentalmente ó proxectala en figuras rigorosamente individualizadas. E logo obxectivouna, realizouna, de xeito máis decisivo ó traducila á linguaxe e mais a escrita. A partir deste momento terá vida autónoma.

Mais velaquí que dese xeito se nos amosa unha desconcertante fusión do mundo mental co físico que pon de manifesto o misterio de ser que tanto preocupou ós filósofos: ¿Pódese ser no pensamento se non se é fora del, no mundo dos sentidos? Tal sería daquela a terrible condición de Deus: a de non poder soñar sen crear, co cal vive condenado a ensanchar infindamente os espazos e encheiros de mundos -¿para que?- pola eternidade. ¿E que ocorre, logo, cando lle veñen pesadelos?

Soño demente que herdamos nós, xa que quixemos modelarnos a Súa imaxe e semellanza: a de materializar os nosos desexos contoda sorte de creacións e paternidades. Mais o propio Borges, no seu famoso conto *Tlön, Uqbar, Orbis Tertius*, facía formular a unha falsa Enciclopedia: *Para uno de esos gnósticos, el visible universo era una ilusión o (más precisamente) un sofisma. Los espejos y la paternidad son abominables (mirrors and fatherhood are abominable) porque lo multiplican y lo divulgan*".

Aquí, o mago tamén se elaborou o seu fillo coma un espello e, en calidade de puro reflexo seu, durante anos cumpriu as ordes do deus instruíndoo nos arcanos do universo e do culto ó lume. Folgaba soñando para estar co seu fillo, pois se non o soñaba —e se non o soñaríamos nós con el— este non existiría. Foi afacéndoo o mellor que puido a difícil realidade. Cando comprobou que xa estaba suficientemente preparado para nacer (e mesmo tal vez impaciente), bicouno por primeira vez e mandouno ó outro templo, río abaixo, onde todo se reflecte e repite. Mesmo acadou que esquecese os seus anos de aprendizaxe para que se crese un home real e non unha pantasma. Deste xeito o fillo-discípulo-obra repetiría os actos do seu pai-mestre-creador.

Mais velaquí que tamén o pai reproducirá no espello do mundo a condición existencial do eu fillo, de xeito que así se pecha o círculo de tódalas ruínas e a incógnita gravitación universal. Dous remeiros chegados a aquel sitio unha medianoite -posiblemente dous lectores- anunciáranlle o curioso fenómeno

vivido polo fillo: ser quen de andar polo lume sen queimarse.

A repetición periódica do incendio reincide no seguinte ensino: que os deuses planetarios da primitiva Persia (onde se fala a lingua *zend* do noso autor e dos seus lectores) podían actuar gracias ó control de Fogo, base de toda enerxía; que esa mesma enerxía potenciou a loita infinda de Ormuz e Ariman (tal como a explicou Zoroastro ou Zaratustra), e que Buda e outros filósofos de antiga Grecia e Asia probaron que a tal enerxía era puramente mental. Co paso do tempo foise o Fogo sutilizando en Electricidade e este en Radioactividade, mais moita xente di hoxe que xa o átomo foi substituído polo bit (ou sexa, a unidade elemental de información). De aí que a nova ciencia de base sexa a Informática e que a Teoloxía sexa replazada pola Semiótica. Voces periféricas proclaman: O mundo de mañá non será o da realidade senón o da virtualidade. ¿Quén nos soña?.